



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



# PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE MARCÓN

# PLANO ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS DA PARROQUIA DE MARCÓN

INTRODUCCIÓN .....	2
1. ANTECEDENTES .....	2
2. OBJETO .....	2
3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN.....	2
4. CONTIDOS DOS PLANOS .....	3
5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS .....	4
6. FONTES DE INFORMACIÓN .....	4
MEMORIA.....	5
1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL .....	5
2. DIAGNOSE.....	9
3. PROPOSTAS .....	10
4. PRIORIZACIÓN.....	11
5. PLANOS.....	12

# INTRODUCCIÓN

## 1. ANTECEDENTES

O concello de Pontevedra pretende que o rural e os barrios, así como a participación social, adquiren un protagonismo específico nas actuacións a desenvolver. Por este motivo, levou a cabo a elaboración dos Planos Específicos de Infraestruturas das parroquias do rural do termino municipal.

Os obxectivos destes Plans Específicos de Infraestruturas das Parroquias son, polo tanto:

1. Potenciar a identidade parroquial.
2. Vertebración e cohesión social, e creación de núcleos de centralidade parroquial.
3. Mellora da calidade de vida, achegando o modelo do centro e dos barrios urbanos ao rural.

Para a redacción dos mesmos, seguíronse as condición e determinacións fixadas no Prego de Prescricións Técnicas publicado ao efecto. Por outra banda, o técnico contratado para levar a cabo estas tarefas fíxose cargo tanto da realización dos traballos de campo e elaboración da documentación definitiva, como de prestar o oportuno asesoramento nas reunións cos veciños e axentes sociais implicados.

Foi durante estas reunión que se chegou a conclusión de que a maneira óptima de levar a cabo tan ampla labor era a catalogación das necesidades dos veciños en grupos temáticos. Así, diferenciamos os seguintes conxuntos de propostas:

- Viario peonil
- Plan de arranxo de fontes
- Plan de arranxo de pistas
- Roteiro interparroquial
- Conservación de patrimonio
- Equipamentos
- Saneamento
- Seguranza viaria

## 2. OBXECTO

Estes “Planos Específicos de Infraestruturas de Parroquia” teñen por obxecto recoller todas as necesidades e actuacións concretas en todos os ámbitos: patrimonial e cultural, recursos ambientais, mobilidade, servizos (lixo, ciclo da auga, iluminación...), dotacións e equipamentos, e calquera outro que se poida priorizar colectivamente mediante a participación veciñal.

Así mesmo, redáctase una serie de propostas a partir das necesidades dos veciños, para cada unha das áreas citadas, xunto con unha valoración e priorización das mesmas.

Xerouse un plano específico por cada parroquia cos contidos citados.

## 3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de desenvolvemento dos Planos específicos de infraestruturas serán as trece parroquias do rural do concello de Pontevedra que contan con Consello Parroquial. A saber:

- |       |             |           |
|-------|-------------|-----------|
| -Alba | -Campañó    | -Lérez    |
| -Bora | -Cerponzóns | -Lourizán |

-Marcón  
-Mourente  
-Salcedo

-Santa María de Xeve  
-Santo André de Xeve  
-Tomeza

-Verducido

## **4. CONTIDOS DOS PLANOS**

Para cada unha das parroquias sinaladas, redactouse un Plano individual, co seguinte contido:

### **1. Caracterización da situación actual**

- Características físicas.
- Características demográficas e socioeconómicas. Distribución de actividades por áreas.
- Recursos culturais e patrimoniais: Patrimonio arquitectónico, escultórico, etnográfico, lingüístico, etnográfico e histórico.
- Recursos ambientais: Auga, regatos, zonas húmidas, monte, núcleos de poboación, resto do territorio.
- Rede viaria e mobilidade.
- Servizos: Ciclo da auga (abastecemento público, traídas veciñais, colectores de saneamento), iluminación pública, recollida do lixo e outros.
- Dotacións: Centros cívicos, parques infantís, zonas de lecer, educacional, etc.
- Todos aqueles recursos e características propias xurdiron da participación colectiva.

Esta caracterización levouse a cabo a partir dos datos cartográficos facilitados polo Concello, completados mediante os correspondentes traballos de campo e reunións cos axentes implicados en cada parroquia.

### **2. Diagnose**

Realizouse unha diagnose do estado de cada unha das parroquias do rural de Pontevedra, sinalándose as súas carencias e detectando as súas potencialidades, a partir da análise da situación actual e da súa previsible evolución.

### **3. Propostas**

Propúxose unha serie de programas de actuación a desenvolver en cada parroquia para acadar os obxectivos do plano:

- Recursos culturais e patrimoniais: catalogación, protección normativa, actuacións de fomento e mellora: obras, sinalización, proteccións físicas.
- Recursos ambientais: eliminación de elementos de deterioro, actuacións de mellora, sendas, parques forestais ...
- Rede viaria e mobilidade: ordenación e reordenación de USOS, potenciación da mobilidade amable, direccións únicas, dotación de beirarrúas, sostemento dos pavimentos, seguridade viaria (limitación de velocidade, elementos de calmado de tráfico, sinalización).
- Servizos: ciclo da auga (potenciación das traídas veciñais, subministro público en zonas nas que se necesite, completar a rede de sumidoiros con racionalidade), iluminación pública (completar onde sexa necesaria, iluminar elementos senlleiros), recollida do lixo (reaxuste de certos elementos do servizo, procedemento para actuar sobre animais abandonados ou mortos, información sobre punto

limpo). Cabe sinalar que, aínda que o saneamento estivo incluído no listado de demandas dos consellos parroquiais, non foi valorado nin priorizado, por depender a súa execución de acordos con administracións superiores.

•Dotacións: completar a rede de centros cívicos onde sexa imprescindible, medidas de xestión que optimicen o aproveitamento e os custos, soste os equipamentos actuais, completar con novas equipamentos con criterios de maior uso e menor sostemento, actuar sobre os espazos libres e as zonas verdes e de lecer con sostemento e dotación de novas áreas que se consideren necesarias.

Estes programas de actuación contan cun Estudo Económico no que se recolle unha aproximación aos custos reais da súa implantación.

## **5. FASES DE ELABORACIÓN DOS PLANOS**

Estes planos foron o resultado final dun proceso de toma de datos, adquisición de información, participación e propostas dos veciños afectados, e audiencia pública máis aprobación final polo Concello. A continuación expónse como se articulou dito proceso, e as súas correspondentes fases.

### **1. EXPLICACIÓN**

O traballo precisaba dun esforzo previo de explicación e asunción por parte dos axentes sociais da parroquia. Todos e cada un dos aspectos coas súas potencialidades e limitacións debían ser debatidos e aclarados, co obxecto de que este proxecto sexa compartido polos axentes sociais da parroquia.

### **2. RECOLLIDA DE DEMANDAS E COMPILACIÓN DE INFORMACIÓN**

En cada un dos apartados de cada Plano recóllense as demandas e propostas dos veciños. Mantivéronse reunións con veciños preocupados por unha ou varias áreas temáticas. Asemade, traballouse no tratamento da información facilitada polo Concello, á vez que se realizaban os traballos e inspeccións de campo precisas.

### **3. PLANOS INICIAIS**

Unha vez recollidas as demandas presentáronse os Planos iniciais que se aplicarían a cada parroquia, cos contidos precisados no art. 4 do Prego de Prescricións Técnicas redactado a este efecto.

### **4. PRIORIZACIÓN E SECUENCIACIÓN**

Xunto cos axentes sociais da parroquia, levouse a cabo unha priorización das actuacións propostas, determinando a súa secuenciación temporal aproximada. Isto fíxose en base aos seus custos previsibles, necesidades, número de destinatarios e atendendo a criterios de racionalidade e equitativos

## **6. FONTES DE INFORMACIÓN**

Os datos utilizados para a redacción do presente documento se obtiveron das seguintes fontes:

- |                              |                      |
|------------------------------|----------------------|
| -PXOM en tramitación         | -Datos censais (INE) |
| -Cartografía municipal       | -Traballo de campo   |
| -Fotografías aéreas (SIXPAC) |                      |

# MEMORIA

## 1. CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

### 1.1 Condicionantes territoriais

Está situada na parte centro oriental do concello cunha extensión aproximada de 10.78Km<sup>2</sup>. Os seus límites son: polo norte as parroquias de Mourente e Bora, ao leste o concello de Ponte Caldelas, ao sur a parroquia de A Canicouva e de Tomeza, e ao oeste limita tamén con Tomeza e a parroquia urbana da Virxe do Camiño. Está composta por 14 entidades de poboación oficialmente recoñecidas no Nomenclátor: Sabarís, Pedra do Lagarto, A Cardosa, A Peralba, Ría de Arriba, Ría de Abaixo, Vilafranca, Marcón, Albeiro, Valadares, Pintos, Pazos, A Ermida e A Barcia.

Marcón desenvólvese en torno aos Vales do Río Marco no límite coa parroquia de Mourente e do Pintos que atravesa a parroquia de NO a SE. Dende estes vales, a topografía ascende, acadando cotas de ata 570 metros na Serra da Fracha, límite da parroquia co concello de Ponte Caldelas.

A media ladeira do Val do Río Pintos apoiase a sinuosa estrada PO-532 que leva a Ponte Caldelas, e a cota intermedia no val do Río Marco, a estrada PO-243, conecta a parroquia de Marcón coa de Bora e Tomeza. No anel que forman estas dúas estradas sitúanse os núcleos máis poboados da parroquia.

Na dinámica xeral da parroquia, o viario ten sen dúbida unha importancia vital xa que estrutura as pezas que definen propiamente o modelo de asentamento.

Debido á súa situación no límite co centro urbano presenta as características das parroquias periurbanas, un crecemento disperso apoiado nun trazado tradicional onde se mesturan toda clase de edificacións, dende as tradicionais ate as máis actuais. Pero existen unha serie de núcleos máis afastados do casco urbano de Pontevedra que aínda manteñen as características dos asentamentos tradicionais.

Os lugares de Ría de Abaixo e A Barcia, manteñen tamén unha vinculación moi forte coa zona de Montecelo na parroquia veciña.

O uso dominante na parroquia é o residencial, inclusive para estes núcleos máis tradicionais, xa que a súa proximidade ao centro de Pontevedra, fan que sexan puntos de atracción da poboación do contorno inmediato e de lugares máis afastados que buscan as vantaxes dunha localización rural con respecto do urbano.

Mais non é o único uso característico da parroquia xa que en determinados puntos atopamos outros usos máis vinculados coa actividade dinámica de usos comerciais e industriais, propios da cidade de Pontevedra.

### 1.2 Poboación

Aínda que moitos núcleos perden poboación, o crecemento do total da parroquia mantense estable polo incremento poboacional dos núcleos máis apegados á cidade.

NÚCLEOS	POBOACIÓN DE FEITO.						Nº DE VIVENDAS.			
	1981	1991	2001	2008	2012	Incremen. %	1981	1991	2001	Incremen. %
MARCÓN	2150	2081	2166	2203	2225	3,49	551	635	632	14,7

ALBEIRO	120	98	145	137	133	10,83	26	28	46	76,9
BARCIA (A)	281	287	305	287	307	9,25	80	95	88	10,0
CARDOSA (A)	55	63	78	86	81	47,27	17	24	22	29,4
ERMIDA (A)	259	261	249	260	260	0,39	69	79	71	2,9
MARCÓN	136	154	153	147	168	23,53	36	52	47	30,6
PAZOS	284	246	229	264	273	-3,87	83	79	76	-8,4
PERALBA (A)	83	85	88	91	97	16,87	18	23	20	11,1
PINTOS	274	221	211	207	196	-28,47	53	51	53	0,0
RIA DE ABAIXO	167	140	146	159	157	-5,99	41	45	42	2,4
VALADARES	77	216	207	191	190	146,75	46	55	54	17,4
VILAFRANCA	154	135	145	152	153	-0,65	46	48	49	6,5
RIA DE ARRIBA	77	67	85	101	107	38,96	25	21	26	4,0
PEDRA DO LAGARTO		53	67	71	61	15,09				---
SABARÍS		55	58	50	42	-23,63		22		---

PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE SALCEDO. ÍNDICE DE VARIACIÓN 1981/2012

O lugar de Valadares é o que impide que o saldo parroquial total non sexa negativo, xa que no período de referencia aumentou a súa poboación un 146%.

### 1.3 Dotacións e espazos libres

Pazos: Aquí sitúanse os equipamentos educativos e deportivos do campo de fútbol “O Carrasco”, o pavillón cuberto e o CEIP de Marcón. Neste mesmo lugar aínda que un pouco máis afastado tamén se localizan o complexo eclesiástico e o local social de Marcón cos seus espazos libres que fai que este lugar sexa o punto de maior centralidade da parroquia aínda que esta queda moi diluída pola proximidade ao casco urbano de Pontevedra. Todos estes elementos configuran un punto de encontro para os veciños da parroquia que por un ou outro motivo conflúen aquí con certa frecuencia.

Pintos: Destaca entre outras zonas verdes da parroquia o Miradoiro da Fracha, como sistema xeral de espazos libres, cunhas vistas privilexiadas sobre a cidade de Pontevedra e as rías de Pontevedra e Vigo.

A Ermida: Existe unhas instalacións hípicas privadas ademais dun área recreativa.

Marcón: Área recreativa

### 1.4 Patrimonio cultural

#### RÍA DE ABAIXO

E_175	CRUCEIRO	Cruceiro da Ría de Abaixo
E_183	MUIÑO	Muíño da Ría de Abaixo 1
E_184	MUIÑO	Muíño da Ría de Abaixo 2
E_185	MUIÑO	Muíño da Ría de Abaixo 3
E_186	MUIÑO	Muíño de Ojea
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Pozo de Lavar
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro 1
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro 2

#### A BARCIA

E_170	CRUCEIRO	Cruceiro do Penedo
E_173	CRUCEIRO	Cruceiro da Curva da Morte

F\_000 FONTE Fonte da Barcia  
E\_000 CRUCEIRO Cruceiro da Vara do Moucho

**A CARDOSA**

E\_168 CRUCEIRO Cruceiro de A Cardosa

**A ERMIDA**

E\_177 CRUCEIRO Cruceiro de Elisardo  
X\_003 MÁMOA Mámoa do Outeiro Redondo 1  
X\_018 MÁMOA Mámoa do Outeiro Redondo 2  
X\_020 MÁMOA Mámoa do Outeiro Redondo 3  
X\_032 MÁMOA Mámoa do Outeiro Redondo 4  
X\_056 PETRÓGLIFO Outeiro Redondo

**A PERALBA**

E\_176 MUÍÑO Muíño dos Cotos  
E\_181 MUÍÑO Muíño da aldea  
E\_182 MUÍÑO Muíño da Reigosa  
E\_367 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro da Laxiña  
E\_368 FONTES Fonte da Grade  
I\_007 PONTE Ponte románica da Peralba  
E\_000 MUÍÑO Muíño do Regueiro  
E\_000 MUÍÑO Muíño do Medio  
E\_000 MUÍÑO Muíño de Arriba/do Carbón  
E\_000 MUÍÑO Muíño de Menores????  
E\_000 MUÍÑO Muíño das Baleas????  
E\_000 MUÍÑO Muíño do Cornello????

**ALBEIRO**

E\_172 CRUCEIRO Cruceiro de Albeiro/da Perralla

**MONTECELO**

E\_144 CRUCEIRO Cruceiro de Montecelo

**MARCÓN**

F\_000 FONTE Fonte da Pexiga  
F\_000 FONTE-LAVADOIRO Lavadoiro  
E\_000 CRUCEIRO Cruceiro

**O MOUCHO**

E\_169 CRUCEIRO Cruceiro de O Moucho

**PAZOS**

A\_055 RELIXIOSA Igrexa Parroquial de San Miguel  
A\_056 CASA GRANDE Casa Reitoral de Marcón  
E\_167 ESCULTURA Imaxe da Virxe Dolorosa  
E\_171 CRUCEIRO Cruz do Peto  
E\_174 CRUCEIRO Cruceiro do Tesouro  
E\_178 CRUCEIRO Cruceiro do Campo da Festa  
E\_179 CRUCEIRO Cruceiro do Adro  
E\_180 FONTE-LAVADOIRO Fonte do Chorro  
E\_188 FONTE-LAVADOIRO Fonte do Campo da Festa

**PINTOS**

X\_031 MÁMOA Mámoa do Monte Lourado  
X\_033 MÁMOA Mámoa da Chan da Raña 1



X_051	MÁMOA	Mámoa de Monterilla 1
X_052	MÁMOA	Mámoa de Monterilla 2
X_070	MÁMOA	Mámoa da Chan da Raña 2 (Destruída)
X_071	MÁMOA	Mámoa da Chan da Raña 3
E_000	MUÍÑO	Muíño de Riba
E_000	MUÍÑO	Muíño de Abaixo
E_000	MUÍÑO	Muíño
E_000	MUÍÑO	Muíño
E_000	CRUCEIRO	Cruceiro de Casa de Bras
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro de Pintos
F_000	FONTE	Fonte de Pintos

**VILAFRANCA**

E_187	MUÍÑO	Muíño da Puntia
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro de Vilafranca

**VALADARES**

E_000	MUÍÑO	Muíño das Costeiras
F_000	FONTE-LAVADOIRO	Lavadoiro do Rubial

## **2. DIAGNOSE**

### **2.1 Problemática xeral**

Aínda que o estado das pistas en xeral é bo, existe unha demanda veciñal para arranxar unha serie de delas.

O viario interno nos asentamentos máis tradicionais é estreito, e está moi limitado polas imposicións dun rueiro estreito e condicionado polos peches das edificacións, o que aumenta a inseguridade dos peóns.

A proximidade á cidade, fixo que apareceran usos industriais nas inmediacións da estradas vertebradoras da parroquia.

O uso extractivo da graveira xera un forte impacto ambiental e visual sobre o medio natural.

### **2.2 Obxectivos**

Reforzar a centralidade do lugar de Pazos coa mellora dos equipamentos e da seguridade viaria.

Recuperación da rota de sendeirismo G48 “Entre Rías” marcando con fitos o seu trazado e creación doutros roteiros para que a poboación coñeza os recursos ambientais e patrimoniais da parroquia.

Recuperación do patrimonio cultural.

### 3. PROPOSTAS

NOME	CÓDIGO	PLANO	TRABALLOS	LOCALIZACIÓN	LONXITUDE	ANCHO	PREZO UNITARIO	PREZO	TOTAL
VIARIO PEONIL	C01	P.01	Arranxo de firme e pluviais	A Perralla-Rúa Albeiro	111	1	98,07 €		10.885,77 €
	C02		Arranxo de firme e pluviais	Rúa de Abaixo-Marcón	835	1	98,07 €		81.888,45 €
	C03		Arranxo de firme e pluviais	Rúa de Arriba I	138	1	98,07 €		13.533,66 €
	C04		Arranxo de firme e pluviais	Rúa de Arriba II	461	1	98,07 €		45.210,27 €
	C05		Arranxo de firme e pluviais	Senras	169	1	98,07 €		16.573,83 €
	C06		Arranxo de firme e pluviais	Cendona de Abaixo-Igrexa	831	1	98,07 €		81.496,17 €
	C07		Creación, arranxo de firme e pluviais	Cendona de Abaixo-Pazos I	606	1	98,07 €		59.430,42 €
	C08		Arranxo de firme e pluviais	Cendona de Abaixo-Pazos II	395	1	98,07 €		38.737,65 €
	C09		Arranxo de firme e pluviais	Casa Parroquial-Valadares	463	1	98,07 €		45.406,41 €
	C10		Creación, arranxo de firme e pluviais	Pintos-Sabarís	1.452	1	98,07 €		142.397,64 €
	C11		Arranxo de firme e pluviais	A Ermida-Pintos	476	1	98,07 €		46.681,32 €
	C12		Arranxo de firme e pluviais	Navas do Río(A Ermida)	888	1	98,07 €		87.086,16 €
	C13		Arranxo de firme e pluviais	Navas do Río-Areda	529	1	98,07 €		51.879,03 €
	C14		Arranxo de firme e pluviais	As Cachopas(Sabarís)	378	1	98,07 €		37.070,46 €
	C15		Creación, arranxo de firme e pluviais	O Quinteiro	564	1	98,07 €		55.311,48 €
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01	P.02	Limpeza e mellora	Lavadoiro do Rubial				1.000,00 €	1.000,00 €
	F02		Limpeza e mellora	Lavadoiro do Campo da Festa				800,00 €	800,00 €
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01	P.03	Asfaltado e pluviais	Rúa de Arriba-Estrada Xeral	611			60.000,00 €	60.000,00 €
	P02		Asfaltado e pluviais	Rúa Albeiro	497	6,5	32,74 €		105.766,57 €
	P03		Pluviais	O Moucho	570	1	66,80 €		38.076,00 €
	P04		Asfaltado e pluviais	A Ponte-A Peralba	2063	6	32,74 €		405.255,72 €
	P05		Pluviais	Sabarís	112	1	66,80 €		7.481,60 €
	P06		Pluviais	Igrexa-Rúa de Arriba	720	1	66,80 €		48.096,00 €
	P07		Pluviais	Área Recreativa da Rúa de Arriba	96	1	66,80 €		6.412,80 €
	P08		Pluviais	O Carrasco-Valadares	220	1	66,80 €		14.696,00 €
	P09		Anchea ponte	A Peralba	220	1	66,80 €		14.696,00 €
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R01	P.04	Limpeza e sinalización	Entre Rías	5988	1	2,00 €		11.976,00 €
	R02		Limpeza e sinalización	A Peralba-Tomeza	6593	1	2,00 €		13.186,00 €
	R03		Limpeza e sinalización	A Fracha-A Canicouva	1507	1	2,00 €		3.014,00 €
CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	CP01	P.05	Limpeza e consolidación	Cruceiro do Penedo				7.000,00 €	7.000,00 €
	CP02		Limpeza e consolidación	Cruceiro da Peralba				7.000,00 €	7.000,00 €
	CP03		Limpeza e consolidación	Cruceiro da Vara do Moucho				7.000,00 €	7.000,00 €
EQUIPAMENTOS	AR01	P.06	Parque infantil	A Peralba				35.000,00 €	35.000,00 €
	AR02		Repoñer Parque infantil	Casa Parroquial				35.000,00 €	35.000,00 €
	AR03		Alumeado público	Campo da festa				75.000,00 €	75.000,00 €
	M01		Proxecto integral	Mellora do aparcamento do campo de fútbol				100.000,00 €	100.000,00 €
	M02		Demolición	Antigo colexio de Pazos				30.000,00 €	30.000,00 €
SEGURANZA VIARIA	SV01	P.07	Calmando de tráfico e seguranza viaria	As Fareleiras	489			15.000,00 €	15.000,00 €
	SV02		Calmando de tráfico e seguranza viaria	Rúa Albeiro	1027			21.000,00 €	21.000,00 €
	SV03		Calmando de tráfico e seguranza viaria	Colexio-Vilafranca	709			15.000,00 €	15.000,00 €
	SV04		Proxecto integral	Casa Parroquial-Campo de fútbol	647			250.000,00 €	250.000,00 €
								<b>2.141.045,41 €</b>	

#### 4. PRIORIZACIÓN

NOME	CÓDIGO	1º PERIODO			2º PERIODO			3º PERIODO						
		2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022			
VIARIO PEONIL	C01			10.885,77 €										
	C02												81.888,46 €	
	C03												13.533,66 €	
	C04												45.210,27 €	
	C05											16.573,85 €		
	C06								81.496,17 €					
	C07					59.430,42 €								
	C08					38.737,65 €								
	C09								45.406,41 €					
	C10							142.397,64 €						
	C11											46.681,32 €		
	C12													87.086,16 €
	C13											37.070,46 €		
	C14													37.070,46 €
	C15													
PLAN DE ARRANXO DE FONTES	F01				1.000,00 €									
PLAN DE ARRANXO DE PISTAS	P01		60.000,00 €											
	P02			105.766,57 €										
	P03				38.076,00 €									
	P04							405.255,76 €						
	P05		7.481,60 €											
	P06							48.096,00 €						
	P08			6.412,80 €										
	P09								14.696,00 €					
	R01				11.976,00 €									
ROTEIRO INTERPARROQUIAL	R02								13.186,00 €					
	R03									3.014,00 €				
	CONSERVACIÓN DE PATRIMONIO	CP01						7.000,00 €						
	CP02								7.000,00 €					
	CP03						7.000,00 €							
EQUIPAMENTOS	AR01				35.000,00 €									
	AR02		35.000,00 €											
	AR03		75.000,00 €											
	M01	100.000,00 €												
	M02			30.000,00 €										
SEGURANZA VIARIA	SV01							15.000,00 €						
	SV02					21.000,00 €								
	SV03			15.000,00 €										
	SV04			250.000,00 €										
		<b>100.000,00 €</b>	<b>177.481,60 €</b>	<b>418.065,14 €</b>	<b>212.220,07 €</b>	<b>267.805,09 €</b>	<b>405.255,76 €</b>	<b>161.784,58 €</b>	<b>103.339,63 €</b>	<b>140.632,39 €</b>	<b>124.156,62 €</b>			

Asinado: O técnico

Xaquín Moreda González

## 5. PLANOS